



Páx 2-3

ANÁLISE:

LOMCE: o regreso ás aulas do nacional-catolicismo

Páx 4

PONTEVEDRA:

- Bota a andar a ronda urbana
- O BNG contra a estafa das preferentes

Páx 5

PONTEVEDRA:

- Pontevedra extende os camiños escolares a toda a cidade
- A Xunta non ten nin un duro para o novo hospital

Páx 6

PONTEVEDRA:

Os bens públicos en beneficio do público

Páx 7-8

PONTEVEDRA:

A mocidade contra un sistema cruel e corrupto

Páx 9

PONTEVEDRA:

- Un modelo cultural popular e de base
- Pisando forte

Páx 10

PARLAMENTO

Xerente do CHOP

Páx 11

AXENDA POLÍTICA

CONTRACAPA:

Manifestación 1º de maio

Defendamos o ensino público e o traballo !



LOMICE: o regreso ás aulas do nacional-catolicismo

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público estase a mobilizar contra o anteproxecto de Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa, para amosar o seu total rexeitamento a unha lei reaccionaria, españolizadora, privatizadora, clasista, antipedagóxica, antidemocrática, e confesional, que liquida a igualdade de oportunidades e expulsa do ensino os sectores sociais máis desfavorecidos da sociedade.

Trátase dunha lei que pretende trasladar ao ensino público un modelo neoliberal, que afonda nas diferenzas sociais, no canto de contribuír a que todas e todos teñamos acceso en igualdade de condicións a unha educación pública de calidade.



Españolizadora e anti-galega

É un anteproxecto recentralizador e españolizador, que lle facilita ao alumnado, se é necesario, a matriculación nun centro privado, pagado por todos e todas nós, para evitar a súa escolarización no noso

idioma. Procura o máximo control dos contidos a través do Goberno central, uniformiza mediante as reválidas, desterra a nosa lingua ao rango inferior na clasificación que prevé para as materias, situándoa por detrás da Relixión ou dunha segunda Lingua estranxeira, negándolle así o lugar que lle corresponde nas materias troncais, entre as que están a Lingua española ou Inglés. Impón un modelo lingüístico que elimina o ensino en galego e invade as cativas competencias que temos coa intención de afastar totalmente o ensino da nosa realidade social, histórica, cultural e lingüística.

Privatizadora e mercantilista

Medidas como estas non só van repercutir negativamente no ensino público, senón que van fortalecer o ensino privado concertado que se verá favorecido coa creación de centros de excelencia, mediante a selección do alumnado. Blíndanse os concertos económicos cos centros privados, mesmo con aqueles que segregan o alumnado por razón de xénero, malia existir sentenzas que ditaminan a súa ilegalidade.

Involucionista e confesional

Unha vez máis, estamos ante unha lexislación que reforza a confesionalidade e impide o ensino laico. O anteproxecto mantén o ensino da relixión no currículo escolar, contemplando unha materia alternativa en Primaria e na ESO, que computarán no expediente académico, converténdose así nun efecto chamada para que o alumnado se matricule en Relixión. No Bacharelato, a materia de Relixión ten a consideración de materia específica, isto é, está situada entre as que o alumnado cursará un máximo de 3 e un mínimo de 2. A Relixión ten neste proxecto un rango superior á nosa propia lingua, o galego.

Liquida a xestión democrática dos centros

É un anteproxecto profundamente antidemocrático, que traslada o sistema de xestión empresarial ao ensino. Elimina o Consello Escolar como órgano de goberno. A dirección será elixida pola administración

9 de maio, folga do ensino



e terá plenos poderes para tomar unilateralmente decisións de transcendental importancia para os centros e para propor ou rexeitar o profesorado que sexa proposto pola administración.

Liquida a igualdade de oportunidades ao impor un sistema de continuas barreiras selectivas para que só unha minoría acceda aos estudos post-obrigatorios e universitarios. É unha lei elitista, clasista e segregadora, xa que establece reválidas para poder acceder á titulación correspondente en 4 de ESO e en Bacharelato. Impón un sistema máis selectivo mediante itinerarios que condena, prematuramente, o alumnado a optar a titulacións diferentes no ensino obrigatorio, condicionando de maneira temperá o seu futuro académico e laboral.

Pretende crear, mediante os programas de calidade e especialización curricular, diferentes categorías de centros e atender, con máis recursos e medios, aqueles que mellor resultados acaden, previa selección do alumnado, no lugar de procurar que todos os centros conten cos recursos necesarios para que todos e todas, con indepen-

“ A LOMCE implica a claudicación do Goberno español ante a conferencia episcopal e os sectores máis reaccionarios da dereita española.

dencia da súa procedencia social ou xeográfica, reciban unha formación de calidade.

Xerarquiza, desautoriza e recorta dereitos do profesorado

Este anteproxecto de lei desautoriza, desconfía e xerarquiza o profesorado. É profundamente anti-pedagóxico, xa que a consecución da titulación do alumnado vai depender do resultado azaroso dunha única proba ao rematar o ensino obrigatorio e post-obrigatorio. A isto hai que lle engadir a desvalorización da Formación Profesional e o desvío do alumnado cara a unha FP Básica, que nin sequera conduce á mínima titulación, baixo a escusa de favorecer a empregabilidade.

Ao servizo da patronal do ensino privado e da mercantilización da educación

É unha anteproxecto que reflicte as posicións ideolóxicas máis extremas e reaccionarias do PP. Un anteproxecto de lei ao servizo da patronal do ensino privado concertado e da mercantilización da educación que confirma os actuais concertos educativos, legaliza os centros que segregan alumnado por razón de sexo, facilita a planificación escolar en función do ensino concertado, reproduce un sistema xerárquico e empresarial para o funcionamento dos centros, impide o acceso das clases populares á educación e impón unha educación baseada na competitividade, na exclusión social e na desigualdade, e non nun ensino equitativo, inclusivo e integral, cuxo obxectivo principal debe ser a formación de persoas críticas e responsábeis.

Defendamos un ensino público, galego, laico e democrático

Por todos estes motivos, porque significa un retroceso de décadas e porque elimina a igualdade de oportunidades, volvendo a unha sociedade na que o valor das persoas está en función do que posúen e na que o futuro depende de onde e en que familia se nace, a Plataforma Galega para a Defensa do Ensino Público esixe a retirada deste anteproxecto, unha verdadeira negociación na que o goberno atenda as demandas de todos os sectores implicados e, ante todo, un ensino público galego, laico e democrático.

Bota a andar a ronda urbana

O alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores e o presidente da Deputación, Rafael Louzán, asinaron en luns, 15 de agosto, o convenio de colaboración entre as dúas administracións para iniciar a ronda urbana, no seu treito leste, un paso fundamental para que Pontevedra conte cunha vía de circulación imprescindible na ordenación territorial do Concello.

O convenio, aprobado xa pola Xunta de Goberno Local de Pontevedra, recolle un importe de 2.420.000 euros no que está incluído a construción do vial e das expropiacións, dirección de obra e seguridade, así como a redacción do proxecto que se estima nuns 60.000 euros.

O acordo plasma que a Deputación provincial levará a cabo a redacción do proxecto e financiará o 50% da obra. Pola súa banda, o Concello de Pontevedra abonará o importe das expropiacións (estimado en 560.000 euros) e o restante da obra.

A Deputación será a encargada de redactar o proxecto, licitar, executar e recepcionar as obras, e tamén realizará a tramitación administrativa da expropiación de fincas. O Concello achegará as contías para a expropiación así como a súa parte na construción da obra, participará na comisión de seguimento do proxecto.

Segundo se recolle no propio convenio o obxectivo deste convenio “é mellorar a accesibilidade ao complexo asistencia Príncipe Felipe e ao Hospital Montecelo coa construción do acceso a Príncipe Felipe-Montecelo, dende a PO-542 no lugar do Marco, até o complexo asistencial”.

“Esta actuación dotará a zona este da cidade dunha vía que substitúa o atallo que actualmente se emprega a través das rúas das Pereiras, das Olivas e Anxel Limeses, claramente insuficientes e non destinadas para soportar o tráfico actual”, afirma o convenio. “A construción desta infraestrutura terá unha dobre funcionalidade, dun lado o acceso ao complexo asistencial e doutro a mellora da mobilidade na zona leste da cidade, podendo integrarse no futuro como parte da ronda urbana”.

Doutra parte, tamén é importante lembrar o esforzo do Concello de Pontevedra para ter en funcionamento a economía e non someterse ás políticas de recortes, austeridade e roubo que impoñen a Unión Europea e o Goberno de Madrid.

O BNG contra o roubo das Preferentes



O Alcalde de Pontevedra acudirá o vindeiro día 13 de maio a unha xuntanza co Secretario de Estado de Economía acompañado por representantes da Plataforma de Afectados polas preferentes de Pontevedra e Marín.

Esta xuntanza foi solicitada polo noso compañeiro Miguel A. Fdez. Lores para abordar directamente no ministerio a situación das persoas estafadas polas preferentes e subordinadas, tal e como se acordou con elas nas sesións de traballo que o alcalde leva mantidas.

Á xuntanza Lores vai ir acompañado polo concelleiro encargado dos asuntos económicos, Raimundo González, e por unha persoa da Plataforma de afectados que así poderá coñecer de primeira man os planes do goberno de Madrid.

Nesta cita, o Bloque, co alcalde de Pontevedra á cabeza, ten a intención de manifestar o profundo enfado que hai entre os afectados e entre o goberno local polas quitas que impuxeron a Unión Europea e o Goberno de Madrid e que non son outra cousa que un roubo do aforro dos galegos e das galegas. Asemade hai tamén un importante malestar que se transmitirá aos integrantes do goberno español pola paralización do proceso de arbitraje desde hai xa demasiado tempo.



Pontevedra estende os camiños escolares a toda a cidade

Despois do éxito acadado en Álvarez Limeses, o vindeiro curso os camiños escolares extenderanse a toda a cidade. Cos camiños escolares preténdese que os escolares maiores de 7 anos vaian a pé ao colexio a través de itinerarios seguros, gañando en autonomía, saúde e mesmo rendemento escolar (como reflectíu un estudo da universidade de Copenhague).

Os camiños escolares contan coa implicación dos veciños, das familias, da policía local e tamén dos comerciantes e profesionais con establecementos situados nos itinerarios seguros.

O Concello mantivo xa reunións coas ANPAS e cláustros do colexio Froebel e Campolongo e en breve terán lugar cos de Barcelos e Vidal Portela. Toda a fase preparatoria rematará o vindeiro 14 de maio cunha xornada de formación que se celebrará no Pazo da Cultura, aberta a toda a cidadanía que desexe coñecer ou participar do proxecto, estea ou non vinculada ou beneficiada directamente del. Unha das peticións dos pais, a pesar da natural preocupación dos proxenitores de deixar sós aos seus fillos, é que os rapaces gañen en autonomía.

Nesta xornada participarán especialistas que teñen a Pontevedra de referente na implantación dos Camiños Escolares, como **Jeanne Picard**, de Stops Accidentes; **Eva Muíños**, presidenta do Colexio de Psicoloxía de Galicia; **Maria Sintes**, técnica en medio ambiente do CENEAM do Ministerio de Medio Ambiente; así como a concelleira de Seguranza de Pontevedra, **Carme da Silva**.

Pontevedra expón a súa experiencia en Carballo

Previa a esta xornada, Pontevedra participará nunha xornada formativa de implantación dos Camiños Escolares en Carballo, coa participación de Demetrio Gómez, o intendente principal da Policía Local, Daniel Macenlle e membros da ANPA de Álvarez Limeses.

A Xunta non ten nin un euro para facer o hospital

O Concello de Pontevedra recibiu unha comunicación do Sergas na que en aras dunha suposta colaboración institucional solicitan que o Concello retire os recursos contenciosos administrativos abertos contra a construción do Hospital en Monte Carrasco e contra o desdoblamento da estrada que dará acceso a ese posíbel hospital.

O concelleiro de Infraestruturas, César Mosquera asegurou que o Concello non retirará ningún dos contenciosos dado que é un dereito das persoas (tamén das administracións) a defensa xurídica dos seus dereitos.

Lembrou que cando se acometeu o inicio das expropiacións do desdoblamento da estrada Pino-Bora que dará acceso ao futuro hospital “non fixeron caso do recurso do Concello, e seguiron para adiante”.

Con esta carta, o concelleiro interpreta que “ou ben a Xunta admite que o Plan Sectorial do Hospital non está ben, ou que non hai nin un duro para facer o Hospital, cousa que parece máis creíbel”.

“A petición de colaboración ao Concello é sangrante”, asegurou César Mosquera quen lembrou que o Concello tiña asinado un convenio coa Xunta de Galiza para a ampliación de Montecelo que non respectou o Goberno de Núñez Feijóo, “e agora parece que o agresor lle di ao agredido que sexa bo en aras dunha suposta colaboración institucional que eles non repectaron”.



Os bens públicos en beneficio do público

No goberno municipal de Pontevedra causou sorpresa e desagrado a noticia difundida polo Ministerio de Facenda español de que se pretende enaxenar a antiga sé de Facenda no convento de San Francisco.

Lémbrese que este edificio está incluído na rede de equipamentos públicos do actual PXOM. Asemade, cando as negociacións para o cuartel de Campo Longo, Ministerio e Concello chegaron ao acordo de que o futuro do edificio da Ferraría debería pasar por dúas premisas en principio inamobíbeis:

En primeiro lugar o destino público do inmóbel e, en segundo, a consideración do Concello de Pontevedra como interlocutor preferente para definir o destino do edificio ao marchar a Delegación de Facenda del.

Atendendo a estes motivos, o goberno de Pontevedra está a actuar xa en dúas liñas diferentes, dirixíndose tanto ao goberno de Madrid como á Deputación.

Ao goberno de Rajoy se lle advertiu de que estamos dispostos a sentarnos e negociar o futuro deste lugar emblemático de Pontevedra e chegar

a acordos en beneficio de todos e de todas, mais tamén se lles advertiu de que se tentan pór o edificio en mans privadas sen ter en conta o interese público, e non digamos xa se se pretende calquera tipo de pelotazo urbanístico, van ter sempre en fronte de xeito activo e contundente ao Alcalde de Pontevedra e a todo o seu goberno.

Este asunto vai ser tratado polo Alcalde Lores e o Concelleiro de Economía, Raimundo González, nunha xuntanza que manterán en Madrid o vindeiro día 13 de maio co Director Xeral de Patrimonio do Estado. Aí o BNG ten intención de expor con toda a firmeza a posición do goberno de Pontevedra de defensa do público e do aproveitamento de todos os recursos existentes en favor da cidade e a súa comarca.

Doutra parte, o Concello xa se puxo en contacto coa Deputación para solicitar ao goberno de Madrid que a antiga sé de Facenda se destine a sé do ORAL, proposta ben recibida no pazo provincial.

A mocidade contra un sistema cruel e corrupto

Transcribimos a seguir a intervención de Alberte Oubiña, membro de Galiza Nova-Pontevedra no acto “A mocidade contra un sistema cruel e corrupto”

Estamos nun momento clave da historia. Vivimos unha ofensiva criminal e cruel por parte dos grandes poderes económicos (FMI á cabeza) e dos países do centro de Europa, concretamente de Alemaña e os seus países satélites. Unha ofensiva directa e dura contra a clase traballadora e contra os estados da periferia de Europa e os países sen estado coma Galiza. Pretenden acabar cos dereitos, as liberdades e as conquistas sociais acadadas durante os últimos anos polas clases populares e o noso deber é defendelos. Porén, hai que dicilo: estamos en guerra.

Estamos en guerra social contra un sistema capitalista e neoliberalista que nos afoga cada día máis. Un sistema que o converte todo, absolutamente todo, en mercadoría.

Estamos en guerra contra unha economía baseada no enriquecemento duns poucos a costa do empobrecemento xeralizado da maioría social á que pertencemos. Pretenden aplicarnos as mesmas receitas que tentaron en América do Sur no seu día, ata que a sociedade dixo “abondou”. É ese mesmo imperialismo.

Estamos en guerra contra unha patronal avarenta, cobizosa por chucharnos o sangue, que dixo con moitísima caradura pola boca do seu presidente Díaz Ferrán que “sólo se puede salir de la crisis trabajando más y ganando menos”. MANDA CARALLO! Namentres o dicía, el adebedáballe millóns de euros aos seus empregados e á seguridade social. Hai que ser cabrón!

Estamos en guerra contra unha Europa centralista que impón aos estados da periferia unhas condicións económicas asoballadoras e que esmagan calquera posibilidade de mellora nos estados e nacións periféricos.

Estamos en guerra contra unha Alemaña que nola declarou abertamente, como ben dicía Juan Torres López no artigo que lle censuraron en El País pero que por sorte publicaron os nosos compañeiros do Sermos Galiza. Un artigo no que dicía que Alemaña nos tiña declarada a guerra para garantir-se o seu espazo económico, como Hitler fixera no seu momento, “para así protexer ás súas grandes empresas e bancos e tamén para ocultar ante o seu electorado a vergoña dun modelo que fixo que o nivel de pobreza no seu país sexa o máis alto dos



últimos 20 anos, que o 25% dos seus empregados gañe menos de 9,15 euros/hora, ou que á metade da súa poboación lle corresponda un miserábel 1% de toda a riqueza alemana”.

Estamos en guerra contra un estado español opresor que, isto non é novo, tenta por todo os seus medios (os de des-información incluídos), rematar coa realidade obxectiva, visíbel e palpábel de que en Galiza somos unha nación. De que temos unha historia, unha lingua e un patrimonio que nos unen. É un panorama dantesco: pretenden facernos esquecer que eles son os imperialistas, que eles son os que están ocupando e controlando o noso país, e que eles mesmos son os que nos levan á ruína.

E o peor de todo é que lles estamos deixando: estannos roubando a mans cheas! Quitáronnos a construción de barcos, vétannos na pesca, humillaron aos nosos leiteiros con prezos ínfimos, producen electricidade aquí e pagamos o mesmo que os madrileños, véndenlle a sanidade dos galegos a empresas privadas, regálanlle aos nosos investigadores aos alemáns, etc etc etc.

E mentres, aquí, que? Que pasa? De que imos vivir? Parástesvos un minuto a pensar iso? De que imos vivir se non nos deixan facer nada! So-be-ra-ní-a. Esa é a clave. Con máis soberanía poderíamos negociar plenamente, controlar os nosos recursos e facer, con eles, o mellor para Galiza, o mellor para a nosa xente. Somos un país rico, claro que si.

Estamos en guerra contra Feijóo, o adaiñ da democracia, da ética, da pulcritude. O cazador cazado. Ese señor que hai uns anos se fotografaba co narco Marcial Dorado... e que, meu pobre, foi utilizado, como dicía Pedro Puy a pasada semana no Parlamento Galego. Non vos da pena ese señor

que, no canto de gobernar para todos, é cómplice do roubo ao seu pobo mentres se adica a insultar á oposición e a facer (perdoádeme a redundancia): oposición da oposición. Cómplice, xunto con Rajoy e compañía, o seu séquito do Partido Popular. Son persoas (por chamarlles algo) que teñen o seu cerebro posto en Madrid e dende onde pretenden controlarnos a todos, impoñernos os seus pensamentos ultradereitistas e que comparten os ideais desa burguesía centralista que dende sempre foi incapaz nunca de producir nada, pero que sempre foi moi hábil roubándonos a os demais.

Estamos en guerra contra unha Igrexa arcaica e de ideais prehistóricos, mais que mantén grande parte do poder que tiña na idade media, e que nos controla impregnando aos gobernantes estatais e zafándose da paga de impostos. É máis: obtén ingresos dos nosos impostos a través do concordato (asinado por Zapatero no seu día) e a través dos pagos aos mestres de relixión, así coma controlar o temario que se imparte nas clases directamente dende o Vaticano. E inda por riba queren decidir eles no nome das mulleres e do seu dereito a escoller cando queren ser nais.

Somos xuventude enganada, espoliada, estafada, timada, roubada. Estamos vivindo unha fraude, un momento histórico no que a podremia deste sistema acada cada día unha nova fase, superando distintos graos de descomposición, sumíndonos ás clases populares cada día máis nun pozo sen fondo. E entre esas clases populares atopámonos nós: a xuventude. E ante as típicas preguntas de “que queremos estudar” ou “que queremos facer”, xórdenos outra quizais máis intrigante: “que queremos ser”. Queremos ser submisos fronte a un sistema indecente e cruel? Queremos ser inertes caladiños mentres nos atacan a diario? Queremos ser obxectos facilmente manipulables?

Eu dígovos alto e claro o que penso: non, non e non! Nós somos a xuventude, nós somos o futuro e polo tanto, nós temos que tomar un papel determinante fronte ao actual modelo.

Este modelo neoliberal que nos empurra fóra das nosas casas, fóra do noso país. Lonxe da xente que queremos, da terra na que nacemos. Que nos obriga a emigrar para labrarnos un futuro mellor que

na maior parte dos casos, nin é futuro, nin é mellor. Ou é que acaso írmonos para Alemaña a gañar 400€ é algo polo que debemos botar foguetes? Ou un destes famosos “mini-empregos” que nos coan Rajoy e a Virxe do Rocío, encarnada en Fátima Báñez, vai pasar a ser “unha bendición”? Que llelo pregunten ás 55 mozas e mozos galegos que emigran cada día. Desculpade, emigrar non, “practicar mobilidade exterior”, como nos explicou a nosa querida ministra de emprego. Non teñen vergoña e os datos dínnolo: 1 de cada 5 novos parados menores de 25 anos no estado español é galego.

E que vai pasar coa educación? Imos permitir que volte ser algo clasista como o foi nun pasado? Imos consentir que desfagan os logros acadados durante anos e anos de loita? Temos que valorar e dármolos conta de que os dereitos que estamos perdendo agora (que nos están roubando!) son dereitos polos que os nosos antecesores loitaron por eles con sangue, suor e bágoas, e que nos vai tocar a nós recuperalos. E canto antes comecemos, mellor.

Non vos deixedes amedrentar. Xa o dicía o recentemente falecido José Luis Sampedro: “gobernar a base de medo é moi eficaz. Se vostede ameaza á xente dicíndolle que os vai degolar, e logo non os degola, entón voste-

de pode azoutalos e explotalos. E a xente di “bon, non é tan grave”. O medo fai que non se reaccione, que non se siga adiante”.

Por iso, temos que vencer ao medo que nos fai prisioneiros de nós mesmos e lograr que imperen os desexos da maioría social. E loitarmos, dende aquí e con Galiza Nova, para logramos unha nova Galiza. A xuventude temos que pular por un país novo, por rematarmos con este espolio e comezarmos canto antes a recuperarnos. Polo noso ben, o da nosa xente e o das xeracións vindeiras. Vivimos un momento histórico e temos que estar á altura, comprometernos... para que dentro de dez ou 20 anos ninguén nos poida botar en cara que non fixemos todo o posíbel por cambiarmos este sistema corrupto, cruel e inxusto.

Adiante coa terra dos bos e xenerosos! Fóra os imbéciles e escuros!

Adiante coa xuventude, e viva Galiza ceibel!



Pontevedra, un modelo cultural popular e de base

Pontevedra aposta claramente por un modelo cultural diferente ao que sae dos grandes medios. En Pontevedra a cultura é de verdade, para todos e todas e feita por todos e todas. E o que é máis importante, o goberno municipal participa e impulsa todo ese bule cultural, mais nen é o único actor nen é o único protagonista nen pretende selo.

Eis o Salón do Libro; a Feira Franca; O Memorial Ricardo Portela; o Seminario Permanente de Jazz; o Consello do Patrimonio; os Cantos de Taberna; as programacións adicadas a Castelao, Bóveda, Pintos, Rosalía de Castro ou Manuel Quiroga; a Semana Galega de Filosofía; a recuperación da toponimia; a revista Cedofeita; o Festival Internacional de Blues e Jazz . . . todos eles eventos e programacións de altísimo nivel en cadanseu ámbito.

Canda estas actuacións que todos e todas coñecemos, hai tamén unha importantísima produción na rede de centros cívicos urbanos e das parroquias, no Teatro Principal, no Pazo da Cultura ou en Mugartegui. Conferencias, obradoiros, recuperación do patrimonio, clubs de lectura, roteiros e outras moitas actividades que fan difícil atopar un día libre en toda esa rede de espazos.

A Banda de Música de Pontevedra, a Asociación Maiolongo, a Aula de Folque Infantil, a Banda de Música de Salcedo, o Local de Música, O Centro Social En Pé, a Revira, a Asociación Cedofeita, todas as asociacións culturais de bairros e parroquias son iniciativas, públicas e privadas, que están a converter a Pontevedra de hoxe nun referente cultural.

E deixamos de lado, a mantenta, as iniciativas de carácter empresarial ou que dependen doutras administracións: a Facultade de Belas Artes, a Sala Karma, a editorial OQO, as salas de exposicións privadas, a facultade de Ciencias Sociais, a editorial Kalandraka, os estudos de gravación Lithium son só algúns exemplos de ese férvelle férvelle que caracteriza a Pontevedra de hoxe.

Se lle botamos unha ollada a programación destes días pasados e dos que veñen por diante, é doado entender por que no Concello de Pontevedra vai sendo habitual escoitar iso de “non se pode ir a todo”: os Cantos de Taberna, Aña Urbana, encontro de pali-leiras, festa dos maios, Noites Abertas, Pontepoética, andaina dos Amigos do Monte de Salcedo, Terra de Pastequeros, En Efectivo, Galegote Rock, Xornadas Rosalía e Nós, Maio mes da lingua, proxección de “As armas e o Povo”, concerto dos Labregos dos Tempos dos Sputniks, Ultranoite do aquí de Chévere, 25 de abril na Revira, roteiros urbanos “recantos con encanto” e tantas outras actividades que seguro deixamos atrás.

Gozade da cultura galega en Pontevedra!

Queremos á mocidade pisando forte na Terra

Os datos da Enquisa de Poboación Activa son terribéis. Na Galiza imos camiño dos 300.000 persoas en paro. O paro entre os menores de 25 anos está practicamente no 50% e entre os menores de 20 anos chega case ao 80%. Uns datos que desgrazadamente non sorprenden, senón que corroboran unha realidade que vivemos todos os días en toda a súa crueza nas nosas carnes ou na dos fillos, veciñas, amigas ou familiares.

O que é peor, todos e todas sabemos que o roubo ao que nos somete o sistema cruel e corrupto, a Unión Europea, os gobernos de Madrid e da Xunta, non van facer

que nada mellore: as políticas de roubo e saqueo ás que nos someten só poden empeorar a vida das persoas.

O concello de Pontevedra revélase desde todas as áreas de traballo contra ese sistema cruel e corrupto con diferentes iniciativas. A última delas é o programa “Pisando Forte”, deseñado co obxectivo de mellorar e, sobre todo, ampliar a formación de mozos e mozas no eido laboral.

Pisando Forte inclúe cursos tanto de formación laboral específica (manexo de carretilla elevadora, control de almacen, repostería

creativa, etc) e outros de índole máis xeral como son o de oratoria e o de atención ao público.

Doutra banda, este programa tamén inclúe unha liña de formación para o autoemprego. Esta liña concrétase nunhas xornadas sobre cooperativismo e nunha outra xornada sobre as diferentes posibilidades de emprendemento que se ofrecen actualmente e que existen a colaboración de varias persoas e institucións para polas en marcha. Todas as actividades de Pisando Forte son de balde e teñen preferencia para elas as persoas paradas empadroadas no Concello de Pontevedra.

Dous meses non son abondo para que a Consellaría de Sanidade coñeza a situación do xerente do CHOP

Desde hai tempo está instalado no CHOP un clima de preocupación, desconfianza e inseguridade, acrecentado nos últimos meses pola actuación do xerente, tanto no que respeita á súa relación laboral/profesional como á súa relación e proceder co colectivo de profesionais do complexo hospitalario de Pontevedra”.

De feito os traballadores e traballadoras acusan ao xerente de incumplir as Leis de incompatibilidades e de Saúde de Galiza, de realizar viaxes pagados por unha empresa farmacéutica, de ter trato de favor á súa muller e de prepotencia, ameazas e coaccións aos profesionais do complexo hospitalario.

A deputada nacionalista, Montse Prado, afirmou na Comisión de Sanidade do Parlamento galego celebrada o 26 de abril que a loita contra a corrupción, contra o aproveitamento ilícito dos recursos públicos en beneficio propio, contra o uso de postos de responsabilidade na Administración para saltarse a Lei non poden ser meras declaracións de intencións, e hai que adoptar medidas cando xurden casos de persoas que realizan estas malas prácticas.

“ Para o BNG é inconcebíbel que se manteña a un xerente acusado de saltarse a Lei, aceptar prebendas e crear un clima abafante cos traballadores e traballadoras do CHOP

Lembrou Montse Prado que non se pode dicir que José Manuel González sexa un técnico descoñecido para o PP, e menos para Feijoo, xa que é un alto cargo do seu partido, foi xerente do Hospital Meixoeiro de



Vigo, delegado provincial da consellaría de Política Territorial, con Feijoo de conselleiro no 2003, conselleiro de Sanidade en 2004 e xerente do CHOP no 2009.

A resposta do Secretario Xeral da Consellaría ás irregularidades denunciadas foi un escueto “Temos aberto unha información previa de carácter reservado, pendente do coñecemento das conclusións”.

Resulta chamativo que dous meses despois de facerse pública a situación na que se encontra o xerente do CHOP dende a Consellaría non fosen quen de comprobar a súa situación, si ten pedido a compatibilidade ou non, e se é posíbel ou non compatibilizar o seu posto de xerente co de apoderado dunha empresa, “Plan B inversiones SL”, adicada a “actividades de intermediación en operacións con valores e outros activos”, con domicilio social no seu propio enderezo particular, e co seu fillo como administrador.

Para a deputada nacionalista non é de recibo que a todos os problemas que ten a sanidade pública, á imaxe de descrédito á que a están levando as políticas do PP, se lle engada a sospeita de que un alto directivo está a usar un cargo público, saltándose a Lei, gozando de privilexios, aceptando prebendas de empresas e coaccionando aos traballadores e traballadoras.

PONTEVEDRA

CAMBIEMOS ESTE SISTEMA CRUEL E CORRUPTO

**XOVES 25 DE ABRIL. 20:30 H.
CASA DO POBO DE VERDUCIDO**

Coa participación de Miguel Filgueira, Luís Bará e Miguel Anxo Fernández Lores

**XOVES 2 DE MAIO. 20:30 H.
CASA PARROQUIAL DE MARCÓN**

Coa participación de Demetrio Gómez, Alberto Oubiña e Miguel Anxo Fernández Lores

**XOVES 9 DE MAIO. 20:30 H.
COLEXIO SAN MARTIÑO DE SALCEDO**

Coa participación de Demetrio Gómez, Luís Bará e Miguel Anxo Fernández Lores

PECHE EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO E CONTRA A LOMCE

**VENRES 26. A PARTIR DAS 17 H.
IES TORRENTE BALLESTER**

BARRO

ACTO PREFERENTES SÁBADO 27. 21:00 H. BIBLIOTECA MUNICIPAL

Acto sobre a estafa das preferentes e subordinadas, coa participación de **Xosé Manuel Fernández Abrales** e **Xulio Vicente**, da Plataforma de afectad@s do Baixo Miño.

MORAÑA

ACTOS NOVO CONVENIO DE RECOLLIDA DO LIXO DOMINGO 28 DE ABRIL.

Ás 12:30 h. no Local Social da Aberguería
Ás 19:30 h. na Casa da Cultura de Amil

ENCONTRO MUNICIPAL Combatendo a exclusión social

BUEU. SÁBADO 4 DE MAIO
CENTRO SOCIAL DO MAR

10:00 Inauguración: Goretti Sanmartín, responsable nacional de Implantación e Estratexia Municipal **Félix Juncal**, alcalde de Bueu

10:15 A relevancia dos servizos sociais na loita contra a exclusión Carme Fouces, concelleira-delegada de Servizos Sociais de Pontevedra

10:30 O anteproxecto de lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local Francisco García, alcalde de Allariz

12:00 Intervención de **Xavier Vence**, portavoz Nacional do BNG

12:30 Movemento social pola vivenda e contra os desafiuzamentos Francisco Torrente, sociólogo e activista en Stop Desafiuzamentos e **Raquel Jabares**, tenencia de alcaldía de Culleredo

13:30 Comedores e banco de alimentos Ana Vérez, traballadora da CIG, **Luís Barreiro**, traballador social e **Ximena González**, concelleira no Concello de Ourense

14:30 Xantar

16:30 Organización social da resposta á exclusión Xosé Manuel Carril, concelleiro no Concello da Coruña, **Miguel Fernández**, Foro da Inmigración e Plataforma polo Emprego e **Iolanda Veloso**, concelleira no Concello de Vigo

18:00 Experiencias municipais: San Sadurnño, Carballo, Tomiño e Rianxo

19:00 Conclusións

PARTIDO POPULAR - UNIÓN EUROPEA

**menos dereitos
máis pobreza**



1º DE MAIO

Día internacional da clase traballadora

MANIFESTACIÓN

ás 12 da mañá

desde a Praza da Ferraría

CLG

Coordinación Iracundia da CLG

www.pal.ticig.com